

Galiza, 28 de outubro de 2015

Prezadas amigas e amigos dos grupos municipais do Concello de Ferrol:

O 15 de xullo de 2015, coincidindo co 150 aniversario do pasamento de Rosalía, a maior parte das forzas políticas galegas asinaban a Declaración de Unidade a prol da Normalización da Lingua Galega promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística á que se adheríu o concello de Ferrol tras o acordo do seu Pleno o 30 de xullo.

Facíase referencia nesta Declaración, entre outros acordos como a Lei de Normalización Lingüística de 1983, a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos de 1999, a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas asinada polo Estado Español en 2001, ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, á Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial de Galiza polas administración locais.

No caso do concello de Ferrol, este conxunto de normas, complementáanse coa ordenanza de normalización lingüística que reafirma o galego como lingua oficial do concello de Ferrol, mostrando a intención compartida de a facer visíbel e audíbel en todo canto dependa da actuación municipal. Malia levar doce aprobada a realidade indica que o galego está lonxe de ser lingua oficial a todos os efectos e de gozar dun mínimo estatus de igualdade.

A grave situación de perda de falantes e retroceso da presenza da lingua galega que indican todos os estudos e nos que Ferrol aparece á cabeza, non é máis que un reflexo dunha realidade social na que desenvolver unha vida normal en galego é practicamente imposíbel. A esa realidade, que xa de por si é negativa para a existencia da lingua como a nosa maior creación colectiva, temos que engadir a difusión e reprodución continuada de novos e vellos prexuízos contra o idioma galego, que só agochan un profundo desprezo polo conxunto do pobo galego do que Ferrol constitúe unha parte fundamental.

É por isto que, coa confianza de que comparten a nosa preocupación, instamos a todos o grupos municipais do concello de Ferrol a dar un novo impulso á ordenanza municipal de normalización lingüística, para o que ademais aproveitamos para ofrecer toda a nosa colaboración como entidade social en defensa da lingua galega, con case 30 de experiencia e labor continuada a prol da súa reposición e rehabilitación en toda a vida social.

Neste sentido lembrámoslles algunhas das propostas que facíamos desde A Mesa hai xustamente un ano para un maior desenvolvemento da lingua no ámbito municipal, recollendo as medidas contempladas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado en 2004 por unanimidade polo Parlamento de Galiza:


- Establecer que nos pregos de condicións dos concursos se inclúa de oficio a cláusula de que "as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego".
- Establecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, así como a súa utilización de todos os cargos eleitos no exercicio das súas funcións.

- Establecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.
- Establecer que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.
- Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na rede.
- Establecer que todos os contratos e axudas públicas de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.
- Establecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística exixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.
- Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Establecer plans nas deputacións provinciais para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.
- Establecer que as respostas telefónicas das administracións locais debe ser en principio en galego (Oferta Positiva).
- Impulsar a creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística que desenvolva accións de promoción da lingua galega e coordine a posta en marcha do aquí sinalado.
- Establecer que as escolas infantís municipais garantirán cando menos o 50% de presenza do galego en toda a súa actividade e que contarán con materiais en galego.

Atentamente

Asdo. Marcos Maceira Elías

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística.



**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA  
Apertado: 217 / 15702 Santiago de Compostela  
CIF: G15154610